

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------|----------|---------------|
| 36011798 | IES Alexandre Bóveda | Vigo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Antropoloxía | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 10 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 11 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 11 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 11 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 12 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 13 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 14 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 15 |
| 9. Outros apartados | 16 |

1. Introducción

A materia de Antropoloxía debe ofrecer unha introdución tanto á perspectiva holística e interdisciplinar da antropoloxía como unha oportunidade na comprensión crítica da propia cultura desde as ferramentas da disciplina. A materia ofrece unha oportunidade para adquirir perspectivas múltiples sobre a condición humana (filosóficas, biolóxicas, lingüísticas, socio culturais...) ao mesmo tempo que ofrecer os instrumentos para un cuestionamento do etnocentrismo, androcentrismo e eurocentrismo desde o relativismo cultural. As ferramentas metodolóxicas propias da disciplina (o traballo de campo, estudo de caso, etc.) serán claves na implicación autónoma e activa do alumnado na súa formación.

A materia, sendo optativa con 4 horas semanais, organizase cunha metodoloxía participativa e principalmente por proxectos para favorecer unha aprendizaxe significativa.

Nos dous primeiros trimestres traballarase na adquisición e comprensión das ferramentas teóricas e metodolóxicas da materia para centrarse nun proxecto de traballo de investigación no terceiro.

Os criterios de avaliación e os mínimos indicadores de logro están deseñados cos obxectivos indicados. A programación desenvólvese polo tanto nunha avaliación continúa cara o traballo de investigación do terceiro trimestre.

Esta programación se desenvolve nun IES Alexandre Bóveda (descripción dos rasgos pertinentes para a materia de Antropoloxía).

O grupo de 1 de Bacharelato da materia de Antropoloxía está constituído por 14 alumnos e alumnas de entre 16-17 anos (recoller datos pertinentes para a materia).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Identificar o obxecto de estudo da antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo. | | | 2 | | 11 | 1 | | 1 |
| OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía ven facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que puidesen constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas así como confrontándoas coas aportadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e darllo ao mundo. | 1-2 | | 2 | 1 | 40 | 3 | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|-----|-------|---------|----|------|
| OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou ás diferenzas entre individuos e grupos humanos. | 2-3 | 3 | 2 | 1 | 20-31 | 1-2-4 | | 1 |
| OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, a cultura e a interacción co medio ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais. | 2-3 | 3 | 2 | 1 | 20-31 | 1-2-3-4 | | 1 |
| OBX5 - Entender ao ser humano como animal social, e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropolóxico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropolóxicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoloxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas. | 1-2-5 | 3 | 2-4 | 1-2 | 40 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX6 - Analizar a importancia da produción cultural, tanto material como inmaterial, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre a mesma. | 1-2-3 | 3 | 2-4 | 1-2 | 31-40 | 1-2-3 | 3 | 1-2 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | O Saber antropolóxico | Adentrarémonos nas principais características da antropoloxia como estudo multidisciplinar holístico e científico da condición humana | 10 | 15 | X | | |
| 2 | A cuestión humana: Antropoloxía filosófica | Introdución ás grandes concepcións do ser humano na filosofía | 20 | 25 | X | | |
| 3 | Hominización e Humanización: antropoloxía física | Estudo dos grandes elementos e procesos evolutivos (biolóxicos e histórico culturais) definidores do Spiens | 20 | 25 | | X | |
| 4 | Homo cultura: a antropoloxía socio cultural | Aproximación a condición socio cultural do ser humano e aos instrumentos metodolóxicos da antropoloxia (relativismo, traballo de campo, observación participante) | 20 | 30 | | X | |
| 5 | Traballo de Campo: Galicia | Realización dun traballo de campo dun aspecto concreto da cultura galega | 30 | 45 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1 | O Saber antropolóxico | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas. | Expresa de xeito oral ou escrito os rascos principais teóricos e metodolóxicos da antropoloxia | TI | 100 |
| CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía. | Expresa de xeito oral ou escrito os rascos das ramas da antropoloxia | | |
| CA1.3 - Diferenciar a antropoloxía doutros saberes. | Expresa de xeito oral ou escrito os rascos da antropoloxía con outros saberes | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía. - Definición. - Obxecto. - Fins. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Método e técnicas dos estudos antropolóxicos. - Ramas da antropoloxía. - Antropoloxía física. - Antropoloxía sociocultural. - Antropoloxía filosófica. - A antropoloxía e a súa relación con outros saberes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 2 | A cuestión humana: Antropoloxía filosófica | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.1 - Analizar o papel da antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación. | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes. | TI | 100 |
| CA2.2 - Reflexionar sobre a situación filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da antropoloxía físicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica. | Expresa de xeito oral ou escrito sobre a influencia das achegas da antropoloxía biolóxica na indagación filosófica | | |
| CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía. | Expresa de xeito oral ou escrito o papel que xoga a concepción do ser humano nos principais modelos de pensamento occidental nas diferentes época e culturas | | |
| CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos aportados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía. | Expresa de xeito oral ou escrito os grandes modelos filosóficos utilizando ferramentas TIC integrando aportacións interdisciplinares dun xeito holístico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------|
|----------|

Contidos

- A antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.
- A posición ontolóxica do ser humano.
- As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.
- A antropoloxía filosófica na era da antropoloxía físico-biolóxica e da antropoloxía sociocultural.
- A idea da natureza humana na tradición filosófica.
- O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais.
- Na filosofía antiga.
- No medievo.
- Do renacemento á ilustración.
- Desde o século XIX.
- A busca da especificidade humana.
- Autoconsciencia e consciencia da finitude.
- A linguaxe e o simbolismo.
- A praxe en liberdade.
- As paixóns e os afectos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 3 | Hominización e Humanización: antropoloxía física | 25 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas. | Analiza os grandes rascos de xeito oral ou escrito o proceso de hominización no rexistro fósil de homínidos e prehomínidos | TI | 100 |
| CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto. | Demostra coñecemento da plasticidade biolóxica base da adaptación cultural nos elementos principais (lingua, ferramentas, comunicación e pensamento abstracto) | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras. | Expresa recoñecemento de xeito oral ou escrito a diversidade e variabilidade da especie humana no traballo colaborativo | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A evolución humana: o proceso de hominización. - A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo. - A árbore filoxenética. - O proceso de humanización. - A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto. - O papel da muller na humanización. - A diversidade biolóxica das poboacións humanas. - O papel da herdanza, a cultura e o medio ambiente na mesma. - Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 4 | Homo cultura: a antropoloxía socio cultural | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA4.1 - Definir ao ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais, e comprendendo a noción de rol social e cultural. | Mostra comprensión oral ou/e escrita da dimensión socio/cultural do ser humano pola súa participación en grupos e desempeño de roles sociais | TI | 100 |
| CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic. | Analiza oral ou/e de forma escrita da complexidade do concepto de cultura e dos seus procesos de adquisición. | | |
| CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. | Mostra unha comprensión e valoración da diversidade cultural diferenciando entre o etnocentrismo, antrocentrismo e eurocentrismo do relativismo cultural | | |
| CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais. | Describe e entende os produtos culturais (materiais e inmateriais) e o seu valor como patrimonio na sociedade | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo. | Comprende o peso do parentesco na cultura e sociedade | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía sociocultural. - Os métodos de investigación. - As escolas antropolóxicas. - O ser humano como animal social. - O rol social e cultural. - A dimensión social e cultural da linguaxe. - As diferenzas sociais. - Definición de cultura e endoculturación. - A construción social da cultura. - Culturas tradicionais e culturas globalizadas. - A diversidade cultural. - Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic. - Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo. - A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero. - Os universais culturais. - A produción cultural material e inmaterial. - O hábitat. - Os costumes e tradicións. - As manifestacións culturais. - Antropoloxía do parentesco. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 5 | Traballo de Campo: Galicia | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas. | Comprender as técnicas e metodoloxía da Antropoloxía previa realización do traballo de campo | TI | 100 |
| CA4.6 - Reflexionar sobre os aspectos propios da cultura e da sociedade galega, desenvolvendo un traballo de campo, desde os puntos de vista etnográfico ou etnolóxico. | Realización dun proxecto cun traballo de campo, individual ou en grupo (etnográfico ou etnolóxico) sobre algún aspecto da cultura / sociedade galega | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía. - Método e técnicas dos estudos antropolóxicos. - A Antropoloxía sociocultural. - Os métodos de investigación. - As escolas antropolóxicas. - A produción cultural material e inmaterial. - O hábitat. - Os costumes e tradicións. - As manifestacións culturais. - Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de antropoloxía ten un carácter práctico, holístico, interdisciplinar e crítico. Práctico dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina (teóricas e metodolóxicas) se busca contribuir a unha comprensión holista e interdisciplinar na comprensión da cultura propia do alumnado. Crítica porque estas ferramentas permiten o cuestionamento con razóns do etnocentrismo/androcentrismo/eurocentrismo desde o relativismo cultural da antropoloxía. Neste sentido a metodoloxía orientase a elaboración como proxecto final dun traballo de campo sobre algún aspecto da cultura propia do alumnado.

Así mesmo, as orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas nesta materia se orientan a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións antropolóxicas sometidas a

elaboración, análise ou debate

-Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

-Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ao inicio de cada UD se expondrán os instrumentos de avaliación e ponderación. Cada UD comenza cunha breve actividade na que se avaliarán os coñecementos previos do alumnado para organizar significativamente os proxectos e traballos en grupo. Se traballara en grupos pequenos e grandes realizando tamén tarefas individuais. Cada proba ou taboa de indicadores ou proxecto contara cunha rúbrica concreta e específica traballada nas aulas.

Na avaliación continua da materia se utilizarán polo tanto unha ampla e diversa variedade de situacións e tarefas nas que se avaliara tamén os procesos de aprendizaxe, xenerando e ofrecendo propostas de mellora e recuperación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntamentos do profesor |
| Libro de texto Xerais como referencia |
| Caderno de campo |
| Libro e materias de lectura Textos de Levi Strauss, Marvin Harris, Vicente Risco, Manuel Delgado e outros |
| Aula virtual da materia. |
| Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces |

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla n proxector e sonido, Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. EO libro de texto e os apuntamentos do profesorado servirán de base ao traballo da materia. Os libros e materias de lectura (artigos) se utilizarán para afianzar conceptos, ofrecer exemplos e ofertar lecturas adicionais ou voluntarias. O caderno de campo servirá de base do traballo de campo do proxecto final. Na aula virtual se terán todos os materiais como repositorio ou biblioteca da materia, podendo servir como recurso de avaliación e instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita tras o visionado dunha curta de contido etnográfico que consistirá en cuestións concretas sobre o observado no audiovisual e un breve comentario crítico para determinar tanto a comprensión da diversidade cultural, a expresión escrita e o grao de familiaridade cos conceptos antropolóxicos. Esta proba servirános para determinar o nivel de profundización que se pode proxectar na programación de cara a traballar de xeito significativo co alumnado, e ao mesmo tempo sérvenos para determinar calquera tipo de necesidade de aprendizaxe que necesitemos localizar de cara a desenvolver a materia durante o curso. Cun rúbrica o profesor avaliara ase mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs nas dúas primeiras semanas do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 20 | 20 | 20 | 30 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato (comentario de texto, composición, argumentación escrita...), suporá o 40 % da cualificación global (ata 4 puntos, media aritmética de dúas probas por trimestre) Esta proba será traballada tamén nas táboas de indicadores.
 2. Os traballos en grupo que se propoñan que se avaliarán como proba escrita ou taboa de indicadores suporán un 40% na cualificación. Poderán realizarse varias por trimestre e a súa puntuación será acumulativa.
 3. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporá un 20%.
 4. Actividades voluntarias (aula virtual, lecturas...) para redondear ou subir a nota.
- Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado Borrador final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

O departamento de Filosofía propondrá na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exisibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE).

No caso de non superar as probas o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a

totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta.

A aula virtual xogara un papel esencial no seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. Borrador - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de Borrador actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as

condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|---|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X |

Observacións:

O carácter holístico e multidisciplinar da antropoloxía fai desta materia o instrumento axeitado para concretar a maioría dos elementos trasversais do curriculum. O fai ao educar no relativismo cultura dende unha perspectiva aberta, ética e democrática. Se sinalan a continuación a contribución concreta:

1. A lectura e visionado de material etnográfico dunha ampla diversidade de culturas contribuirá na fomentos da lectura e comunicación audiovisual así como na visión crítica da propia identidade, tanto cultural como de xénero-
2. Elaboración de traballos en grupo contribuirá no fomento do espírito emprendedor e a creatividade, asi como na educación dixital
3. As visitas aos museos antropolóxicos contribuirá na comprensión crítica da propia cultura e identidade
4. O proxecto final de traballo de campo sobre un aspecto da cultura do alumnado galego permite implementar dun xeito autónomo a observación crítica dos elementos da cutura e sociedade propia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita Museo pobo galego en Compostela | Visita guiada con actividades como exemplo do método etnográfico | | | |
| Salidas traballo de campo | Observación participación de rituais (misa, funeral, boda) e festas | | | |
| Visita aos petróglifos do Monte Galiñeiro en Vigo | Exemplo de cultura material e inmaterial | | | |

Observacións:

No primeiro e segundo trimestre se realizara unha visita ao museo do pobo galego e aos petróglifos do Galiñeiro. Saídas no segundo trimestre a rituais ou festas no entorno rural e urbano do instituto. Utilización e aprendizaxe do caderno de campo na observación participante. Terceiro trimestre: saídas organizadas por grupos do proxecto final de traballo de campo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |
| 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento así como nos departamentos de coordinación do bacharelato do instituto.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e indicar as datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora no propio curso académico e para materializar en cursos vindeiros.

E as ferramentas a empregar para valorar o grao de cumprimento do puntos anteriores serán:

- Diario de aula.
 - Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
 - Estatísticas de resultados.
- Borrador - Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados